



Servizo de Sanidade Ambiental

<b>Asunto</b>	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
<b>Proxecto</b>	PARQUE EÓLICO PARAÑO OESTE
<b>Promotor</b>	SOCIEDAD EÓLICA GALENOVA, S.L.U.
<b>Localización</b>	CONCELLOS DE BEARIZ (OURENSE) Y FORCAREI (PONTEVEDRA)
<b>Expediente</b>	IN661A DXIEM-02/11

**SOLICITANTE:** Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética

### FEITOS:

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con data 01/10/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1827973, unha solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos





- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commission. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

## INFORME:

### 1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha





vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

## 2. AVALIACIÓN

### 2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que, na selección da área de desenvolvemento eólico (ADE) e na localización concreta do parque, tivéronse en conta ademais de criterios puramente enerxéticos, toda unha serie de factores ambientais, entre os cales algúns foron considerados excluíntes, como é o caso dos núcleos de poboación.





Neste senso, que para minimizar a afección á poboación (molestias por ruídos, impacto sobre a paisaxe, etc.) alonxáronse os aeroxeneradores a máis de 500 m dos núcleos de poboación. Na análise da alternativa 2, que é a elixida, refírense que os núcleos de Busto e Os Liñares que se atopaban anteriormente a unha distancia dos aeroxeneradores PÑW-02 e PÑW-03 de 815 e 950 m respectivamente, que ao eliminarse estas posicións, a distancia co aeroxenerador máis próximo, o PÑW-01, aumentou considerablemente.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva a través do Visor SigPac, compróbase que as instalacións respectan as indicacións recollidas no Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre o mantemento dunha distancia mínima de 500 metros aos núcleos urbanos ou rurais na contorna.

## 2.2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

### a) Contaminantes

- Augas residuais
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), fitosanitarios (herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc





e) Electroución

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

h) Outros:

- Pragas e vectores
- Arrastre de sedimentos
- Incendios
- Vertidos accidentais
- Outras emerxencias

• 2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

a) Aire

- Identifícanse emisións de po e partículas na fase de obra como consecuencia dos movementos de terra, escavacións, trasfego de vehículos e maquinaria. Indican a escasa magnitude do dito impacto, referindo medidas protectoras e correctoras.  
No caso da realización de voaduras, refiren a aplicación de medidas para minorar a proxección de partículas e ás afeccións por ruído e a vixilancia das ditas operacións.
- Identifícanse emisións de gases de combustión dos motores de vehículos e maquinaria na fase de obra, de escasa entidade e impacto como no caso anterior. Refiren medidas correctoras e protectoras ao respecto, consistentes en revisións e posta a punto, e dispoñibilidade de documentación acreditativa segundo normativa. Non consta que no programa de vixilancia ambiental se refira seguimento ao respecto.





Refírese o emprego de hexafluoruro de xofre ( $SF_6$ ), gas sintético e inerte que se utiliza como illante nas celas dos sistemas eléctricos das turbinas e da subestación do parque.

En relación co  $SF_6$ , aínda que e se trata dun dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, o proxecto non recolle as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

- Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obra, derivado das actividades da mesma (escavacións, voaduras, carga e descarga de materiais e circulación de vehículos) e do funcionamento da maquinaria e durante a fase de explotación, derivado principalmente do funcionamento das turbinas (de tipo mecánico, polo funcionamento do xenerador e de tipo aerodinámico, polo movemento das palas).

Faise unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación, valorando a potencial afección ás poboacións situadas entorno ás turbinas a unha distancia entre 763 e 1.496 metros (Busto, A Bouza, A Abeleira, Fixó e A Ermida), concluíndo que non se superan os ditos limiares nas mesmas.

No referente á fase de funcionamento, faise tamén un modelado do nivel sonoro do parque, partindo dos niveis sonoros xerados polas turbinas e referidos polo fabricante, en relación aos limiares establecidos na lexislación e a distancia aos mesmos 5 núcleos de poboación da contorna, concluíndose que non se superan os ditos valores.

O estudo de impacto ambiental inclúe un anexo cun plan de seguimento do ruído, nas poboacións mencionadas e nun punto dentro do perímetro do parque, a desenvolver por entidade homologada.





Fíxose un estudo preoperacional ou "*campaña 0*" no ano 2012, cunha configuración distinta á actual. É por iso que se preve a realización doutro estudo preoperacional, que sirva como nivel de referencia, en cada punto de control proposto, que son os mesmos 5 puntos que no estudo xa realizado, agás a entidade de Pardeosa, que se substitúe por Fixó, ao atoparse máis próximo ao parque eólico.

Durante a fase de funcionamento refírense a realización de controis mensuais durante os 6 primeiros meses, trimestrais ata completar os dous anos e a partir dese momento anual. Indícase que á vista dos resultados obtidos e cumprindo cos valores límite establecidos na lexislación pódese limitar a súa duración no tempo.

Faise ademais unha avaliación do posible efecto acumulativo ou sinérxico durante as fases de construción e funcionamento, en relación a outros parques da contorna (Seixo-Cando e ampliación) e liñas de evacuación. Durante a fase de obras conclúese que non se prevé ningún efecto sinérxico significativo, xa que unha das infraestruturas eólicas consideradas xa está en funcionamento e se levasen a cabo obras doutros parques eólicos adoptaríanse as medidas recollidas nos correspondentes proxectos. Con respecto á fase de funcionamento, fíxose un estudo teórico en dúas poboacións (Devesa de Arriba e A Abeleira), sendo os puntos máis próximos aos dous parques analizados (Seixo-Cando e ampliación e Paraño Oeste, respectivamente), no que se conclúe que os niveis sonoros non superan os límites establecidos na lexislación. Non obstante, aclaran que se levará a cabo in situ durante o funcionamento un seguimento dos valores que se recollerán no Plan de Vixilancia Ambiental do parque eólico.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

- Campos electromagnéticos





No referente aos campos electromagnéticos, indican o cumprimento do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, referindo que o mesmo limita os campos electromagnéticos na proximidade das instalacións de alta tensión ao indicado no R.D. 1066/2011, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas, de acordo ás recomendacións europeas co límite de 5 kV/m e 100 $\mu$ T respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo (no peor dos casos, producirían campos magnéticos entre 1 e 6  $\mu$ T nos puntos máis próximos aos condutores).

No tocante ás liñas do parque (liñas de 30 kV soterradas), son cables de media tensión cun recubrimento dunha pantalla metálica composta por unha coroa de arame que impiden a difusión de campos eléctricos. Estes cables dispóñense en gabias de canalización soterradas de 1 metro de profundidade, polo que na superficie o valor do campo eléctrico sería inferior aos 5 kV/m especificados no RD 1066/2011, do 28 de setembro.

No referente á subestación eléctrica, de 220 Kv, que está situada a 639 metros do núcleo de Alen, non se menciona ningunha medición e tampouco fai alusión á normativa ou documentación de referencia, polo que se deduce que non se ten en conta os campos electro magnéticos da mesma, aspecto que si debe ser avaliado ou referenciado.

## b) Augas

### •Augas de consumo

Citan que para o subministro de auga proxéctase instalar un depósito enterrado ou ben incluír un pozo, e un sistema de bombas para conducir a auga aos puntos necesarios do edificio.







No caso de que a solución elixida sexa a realización dun pozo para captación de auga, para o abastecemento do centro de control da subestación, non refiren que pidan a solicitude de concesión ao organismo de bacía. No caso do depósito de acumulación, non refiren que utilizarán un equipo clorador para potabilización da dita auga.

Deberá terse en conta que a auga de abastecemento terá que ser apta para o consumo humano segundo o establecido no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

Refiren que durante a fase de funcionamento se realizarán as análises necesarias para asegurar que a auga de abastecemento do edificio de control sexa apta para o consumo humano segundo o establecido polo Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano e do sistema de eliminación de augas residuais.

De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

Dende esta dirección xeral, compróbase que existen na contorna do proxecto, captacións de auga para abastecemento, en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC). Refírense no listado seguinte:

- Códigos SINAC das captacións: 5585 e 9116 do concello de Beariz, mananciais Costoia e captación A Ermida.
- Código SINAC da captación: 14811 do concello de Forcarei, manancial Lamas.

Na foto 5 do Anexo 3 refiren un depósito de auga próximo, a uns 120 m, da pista existente acondicionada entre os aeroxeneradores 8 e 10. O proxecto non especifica se o depósito se corresponde cunha infraestrutura das





captacións citadas anteriormente o con algunha outra traída veciñal fora do programa de vixilancia sanitaria.

A avaliación das posibles afeccións destas captacións é competencia do organismo de bacía correspondente.

- Augas superficiais e subterráneas

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes. Non refiren a solicitude de autorización ao mesmo.

Indican que na zona de emprazamento do proxecto existe un regato que pode verse afectado a priori, polas obras da gabiá de cableado que cruza o rego Largo de Alonso (nas proximidades do aeroxenerador 1, que une o aeroxenerador 1 co 6). Refiren que non se observa ningún río ou regato que poida ser afectado pola implantación das plataformas dos aeroxeneradores.

Refiren que respectarán as fontes e mananciais existentes na zonas, pero o proxecto non identifica ningunha no perímetro do parque.

O proxecto inclúe medidas protectoras e correctoras sobre as augas e o sistema hidrolóxico e medidas de seguimento no programa de vixilancia ambiental, tanto na fase de obra como na de funcionamento. Neste senso, refírense plans específicos de seguimento sobre as redes de drenaxe e sobre a calidade das augas superficiais, con realización de mostraxes en dous dos arrosios da contorna, incluíndo unha campaña de control preoperacional.

- Augas residuais/*vertidos*

- Augas residuais sanitarias

- No proxecto técnico non refiren a dispoñibilidade de sanitarios durante a fase de obra.
    - Mencionan que o saneamento dos servizos hixiénicos e da cociña do edificio de control se realizará a través da fosa séptica de tres cámaras desaugando nun pozo depurador de augas negras. Non refiren a composición das augas residuais que se xeran e que logo se





tratan na fosa séptica nin a xestión dos residuos xerados no separador de graxas da fosa.

o Vertidos

- Na fase de obra non refiren medidas preventivas e correctoras que impidan que vertidos accidentais contaminen as augas superficiais ou subterráneas.
- Na fase de funcionamento do parque, refiren que se producirían nos aeroxeneradores e na subestación do parque. En ambos sitios contan con medios que evitan os vertidos (cubetos de retención) e no caso de que se producise algún vertido, contase con medios como sacos de sepiolita para eliminar ditos vertidos.
- Na fase de de construción e abandono, refiren que se asegurará un adecuado mantemento da maquinaria empregada, co fin de evitar a produción innecesaria de vertidos de aceites e combustibles ao medio.
- No referente aos vertidos procedentes dos transformadores, refiren a dispoñibilidade de foso colector conectado mediante tubo de formigón co depósito de recollida de aceite, así como unha capa de grava na súa parte superior, a modo de apagachamas, que permita o paso do aceite, provocando a súa extinción no caso de incendio.

Non se recollen medidas de seguimento e control ao respecto.

c) Chan

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos durante a fase de obra e indícase que serán tratados segundo a súa natureza e conforme ao establecido na lexislación vixente ou a vertedoiro autorizado.

Tamén identifícase a xeración de residuos durante a fase de explotación e abandono, indicando que serán tratados segundo a súa natureza e eliminados por xestor autorizado.





Non se inclúe unha táboa cos residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante as distintas fases, na que se referira a súa xestión segundo o establecido na lexislación vixente de aplicación, con entrega a transportistas e xestores autorizados.

Non indican as condicións de almacenamento dos residuos xerados, tanto na fase de construción como na de explotación.

Non mencionan as condicións de almacenamento das substancias e residuos perigosos.

O proxecto tampouco recolle medidas preventivas e correctoras sobre os residuos xerados.

- En canto ao seguimento no programa de vixilancia ambiental, só indica que na fase de construción entregárase a documentación acreditativa de utilización dos servizos de vertedoiro autorizado e na de explotación que incluírán nos informes de seguimento a documentación acreditativa da entrega a xestor autorizado dos residuos xerados e da alta como Pequeno Produtor de Residuos Perigosos.

- Produtos perigosos

Non refiren o almacenamento de produtos perigosos como aceites e combustibles nas instalacións auxiliares, indicando medidas protectoras e de seguimento ao respecto durante a fase de obra.

Non se detallan outros tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, a súa xestión, así como a dos residuos xerados na súa eliminación:

- Biocidas, no caso da súa utilización, deberá cumprirse a normativa vixente referente a comercialización e emprego dos mesmos.
- Fitosanitarios (herbicidas), no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o emprego dos mesmos, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego destes.





- Gases illantes ( $SF_6$ ), que como indicamos con anterioridade, deberían someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplen as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se podan derivar afeccións á poboación ou aos traballadores.

- Outros

Deberá dispoñerse das fichas de datos de seguridade dos mesmos, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Deberán cumprirse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

#### d) Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

No tocante á posible afección sobre a saúde das persoas, indican a ausencia de normativa ao respecto. Fan referencia a un estudo que inclúe unha revisión bibliográfica, que asocia o dito efecto ao risco de xerar convulsións en persoas con epilepsia fotosensible, referindo o rango de frecuencias de parpadeo da luz e a velocidade de rotación das palas asociada, que poderían xerar o dito efecto.

Refiren tamén a velocidade de rotación das actuais turbinas eólicas e o valor de frecuencia que poden xerar, incluíndo o dato referente ao posible efecto simultáneo de dúas máquinas sobre un receptor. Na valoración deste aspecto refiren que a frecuencia máxima que podería afectar a un receptor, sería moi inferior á sinalada como causante de efectos adversos sobre a saúde das persoas (1 Hz), sen descartar as posibles molestias que o dito efecto poda causar sobre os propietarios das casas ou negocios próximos.





Indican que en ausencia dun marco normativo local ou estatal, de cara a determinar a metodoloxía de estudo e para establecer uns limiares admisibles de exposición, toman con referencia as guías e estándares publicados máis relevantes. Neste senso, indican a toma de referencia como limiares de protección respecto a incidencia do parpadeo sobre os receptores, os valores consisten en 30 horas/ano e 30 minutos/día.

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras, seguindo o criterio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia e recollido en diferentes referencias, teñen en conta un área de estudio de 1320 metros arredor das turbinas eólicas, correspondente a aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas (132 metros).

Unha vez establecida a área de estudio identifican os posibles receptores localizados na dita área (23). Para a realización do estudo de sombreado empregan un programa (WindPro 3.1), que conta cun módulo de cálculo de sombras , para realizar unha predición do impacto do dito efecto.

No proxecto citan que consideraran dous escenarios de cálculo, o máximo teórico, considerado o peor escenario "caso peor" e o "caso realista". Non obstante, no estudo técnico que achegan só se inclúen os resultados dos contornos e isoliñas de parpadeo despois de aplicar os factores de redución. No referente ao "caso realista", indican que en ningún dos receptores do efecto supérase o limiar de 30 horas/ano.

Por outro lado non avalían os posibles efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques eólicos en trámite ou funcionamento na contorna, situados a unha distancia suficiente como para poder producir un efecto acumulativo al respecto (distancia de 10 veces o tamaño do rotor, en cada caso), excluíndose a afección neste senso.

En base ao ditos resultados, desestiman a existencia do dito impacto, polo que non se establecen medidas protectoras, correctoras nin de seguimento ao respecto.





- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves o catástrofes, así como os potenciais efectos adversos significativos sobre o medio ambiente en caso da súa ocorrencia, incluíndo riscos de carácter tecnolóxico/accidentes (incendios, derrames), naturais (sísmico, xeotécnico, inundacións, incendios forestais, raios). Non consta a vulnerabilidade fronte a danos de terceiros e vandalismo.

- Da dita análise conclúen que tanto os niveis de risco como a vulnerabilidade do proxecto son baixos, dados os escenarios avaliados e as medidas preventivas contempladas, polo que consideran que os efectos adversos sobre o medio ambiente, no caso altamente improbable de producirse accidentes, serán mínimos.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Refiren á adopción das medidas necesarias para eliminar o risco de incendios, tanto durante a fase de obra como durante a fase de explotación.

Indican que se instalarán extintores de incendios tanto na subestación como no campo de intemperie da subestación (non din nada sobre o edificio de control). Sen embargo, non mencionan a existencia de equipos de detección na instalación, nin fan referencia ao cumprimento do Regulamento de Seguridade contra Incendios en Establecementos Industriais.

- Non xuntan plans de emerxencia, incluíndo protocolos de actuación ante accidentes tales como vertidos, explosións, etc, que contribuirán a minimizar as afeccións ambientais, en caso de producirse.
- Indican medidas de seguridade e control de acceso á subestación, pero non ás turbinas.

- No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberán contemplarse as axeitadas medidas de limpeza e hixiene,





que garantan a seguridade e saúde das persoas, contemplándose de ser o caso un sistema integrado de control específico das mesmas.

- O proxecto inclúe un apartado no que se avalían os impactos acumulativos ou sinérxicos derivados da presenza ou execución doutros parques eólicos ou liñas eléctricas, nunha contorna de 5 quilómetros do parque.

Entre os supostos de impacto analizados, inclúese a calidade do aire e o ruído, tanto na fase de construción como na de funcionamento, descartando un efecto acumulativo ao respecto sobre as poboacións e vivendas da contorna, indicando que non se prevé a superación en ningún caso dos límites legais establecidos na lexislación.

- Con respecto ao efecto Parpadeo de sombras (Shadow Flicker), xa mencionado con anterioridade, tampouco contemplan confluencia do dito efecto sobre os receptores identificados na contorna do proxecto.

### 3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Na análise da documentación sobre o estudo de impacto ambiental desenvolvida ao longo de no noso informe, compróbase que o promotor contempla os principais impactos ambientais que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación e refire medidas protectoras, correctoras e de seguimento ambiental dos mesmos.

Non obstante o indicado con anterioridade, comprobouse que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre algún aspecto, que estimamos necesario que se teña en consideración, pola súa posible incidencia sobre a saúde das persoas:







- Non consta no Programa de vixilancia ambiental seguimento ao respecto das emisións de po e partículas na fase de obras nin ás emisións de combustión dos motores de vehículos e maquinaria na fase de obra.
- Manexo e xestión de determinados produtos perigosos que se poden empregar nas instalacións e no mantemento das mesmas, incluído o hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>), nos termos referidos no informe.
- Medidas de limpeza e hixiene en relación ás actividades e instalacións ou de ser o caso dispoñibilidade de sistema integrado de control de vectores e pragas, no supostos de susceptibilidade ao dito risco.
- Cumprimento da normativa de auga de consumo no tocante á auga de abastecemento da subestación xa que:
  - non describen como vai ser o abastecemento de auga de consumo humano (pozo ou un depósito enterrado) nin o cumprimento do RD 140/2003, do 7 de febreiro.
  - no caso de dispoñer de instalacións de auga quente sanitaria susceptibles de propagación da mesma non detallan o cumprimento da normativa de lexionella.
  - non refiren se hai captacións que se poidan ver afectadas polas obras do proxecto nos termos referidos neste informe.
- Cumprimento da normativa de augas residuais/ verquidos:
  - No proxecto técnico non refiren a dispoñibilidade de sanitarios durante a fase de obra.
  - Non refiren a composición das augas residuais que se xeran e que logo se tratarían na fosa séptica nin a xestión dos residuos xerados no separador de graxas da fosa.
- No referente á subestación eléctrica, non se menciona ningunha medición e tampouco fai alusión á normativa ou documentación de referencia de campos electromagnéticos, polo que se deduce que non se ten en conta os ditos campos da mesma, aspecto que si debe ser avaliado ou referenciado.
- En relación aos residuos xerados durante as fases do parque eólico, debería incluírse unha táboa cos residuos perigosos e non perigosos de





probable xeración durante as distintas fases, na que se referira a súa xestión segundo o establecido na lexislación vixente de aplicación, con entrega a transportistas e xestores autorizados. Así mesmo, debería especificarse o seu correcto almacenamento e as medidas preventivas e correctoras.

- Non xuntan plans de emerxencia, incluíndo protocolos de actuación ante accidentes tales como vertidos, explosións, etc, que contribuirán a minimizar as afeccións ambientais, en caso de producirse.
- Con respecto ao efecto Parpadeo de sombras (Shadow Flicker), non se contempla a avaliación dos efectos sinérxicos con outros parques identificados na contorna do proxecto.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

